

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2022/10

DATA: xoves 29 de setembro de 2022

LUGAR: salon de plenos

HORA DE COMEZO: 20:05 h

HORA DE REMATE: 21:52 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacta esta acta.

ASISTEN

BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
JOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ
TOBIAS BETANZOS REGO

PP
FRANCISCO RUBIO VICENTE incorporase as 20:10 h.
ALICIA CAROU ROMERO
GERMAN ALLUT VIDAL incorporase as 20:08 h.

PSdeG-PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

Rianxo en Común-SON
JULIO ALCALDE HERMO
JULIAN BUSTELO ABUIN

Ciudadanos
SARA MARIA RESUA PATIÑO

AUSENTES

BNG
RAQUEL GARCIA ABUIN
PP
MARIANO JOSÉ MOARES RIAL

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 9 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DE 28/07/2022
2. RATIFICAR POLO PLENO MUNICIPAL A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 724/2022 de data 09/09/2022: APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN A SUBSCRIBIR ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS VALGA E RIANXO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO; PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS , VALGA E RIANXO-2022-2025
3. RATIFICAR POLO PLENO MUNICIPAL A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 687/2022 de data 29/08/2022: FESTIVOS LOCAIS 2023
4. CONVENIO COLABORACIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN ROIS VALGA E RIANXO(2022_2025) CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN ORDE 21 DE XULLO DE 2022 (DOGA NUM 153 DE 11 DE AGOSTO DE 2022
5. ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR)
6. INICIO EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DO CONTRATO SUBMINISTRO DEFINIDO NO PROXECTO DENOMINADO "PROXECTO DE RENOVACIÓN E ADAPTACIÓN AO REGULAMENTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA RD 1890/2008 DOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE RIANXO" (EXPEDIENTE NÚMERO 2019/C005/000004)
7. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2022 POS+ADICIONAL 2 /2022 - 2ª FASE
8. PROPOSTA SOLICITUDE DENOMINACIÓN RAMÓN BALTAR AO ANTIGO PROVINCIAL
9. NOMEAR A D. SANTIAGO AGRELO MARTÍNEZ FILLO PREDILECTO DE RIANXO
10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE SOLICITANDO O ADECUADO ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS DE SERVIZO QUE DISCORREN PARALELOS Á AUTOVÍA DO BARBANZA.

PARTE DE CONTROL

11. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
12. DACIÓN DE CONTA LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2023 (LFO 2023)
13. DAR CONTA DA COMUNICACIÓN DE VARIACIÓNS NOS MEMBROS DAS COMISIÓNS

INFORMATIVAS DO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE.

14. ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓN

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000010 e identificado pola pegada dixital:

fb43710f424f6888a2af52e1a530e67659ca60417cc9d7348377f2a95f7abbae

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://www.youtube.com/watch?v=_wwpspsaa1o

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTA Nº 9 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DE 28/07/2022

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 9/2022 de 28/07/2022.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/07/2022, Acta nº 9/2022.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 RATIFICAR POLO PLENO MUNICIPAL A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 724/2022 de data 09/09/2022: APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN A SUBSCRIBIR ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS VALGA E RIANXO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS , VALGA E RIANXO-2022-2025

Polo Presidente dáse conta da proposta da alcaldía que se somete a aprobación e que seguidamente se transcribe:

En data 09 de setembro de 2022 ditase a Resolución da Alcaldía nº 724/2022 que se transcribe a continuación:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

CONVENIO COLABORACIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN ROIS VALGA E RIANXO(2022_2025) CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN ORDE 21 DE XULLO DE 2022 (DOGA NUM 153 DE 11 DE AGOSTO DE 2022

Considerando que a Consellería de Sanidade ditou a Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G) (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022), que dispón no seu artigo 3 que “*poderán concorrer á concesión destas subvencións todos aqueles concellos e mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia que pretendan desenvolver, individualmente ou agrupados, un proxecto de prevención de condutas adictivas e que reúnan os requisitos sinalados no artigo 4 (...)*”. E continúa establecendo no artigo 5 “*Convenio reguladores das agrupacións de entidades locais*” o seguinte:

“1. As entidades locais poderán agruparse e presentar de maneira conxunta unha solicitude de subvención para realizar un proxecto común.

2. Esta agrupación de entidades locais deberá ser regulada mediante un convenio de colaboración cuxo obxecto sexa o desenvolvemento conxunto do proxecto e que conteña o seguinte contido mínimo:

a) O compromiso solidario de execución do proxecto e de aplicación solidaria da subvención. No caso de que algunha das entidades integrantes da agrupación cause baixa nela, as restantes comprométense a desenvolver o proxecto inicialmente proposto na súa área de influencia.

b) As achegas económicas e os compromisos de execución asumidos polas entidades agrupadas.

c) O compromiso de non disolver a citada agrupación mentres non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. O convenio de colaboración suscrito polas partes deberá achegarse no prazo máximo dun mes contado desde a notificación da resolución de concesión da subvención, aínda que se poderá presentar coa solicitude de subvención.”

Logo de ver o texto do CONVENIO DE colaboración e XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025), ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G) (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022), que se inclúe como ANEXO, e que ten, precisamente, como obxecto a creación dunha agrupación entre os Concellos de Dodro, Padrón, Rois valga e Rianxo para a solicitude de subvención e xestión compartida do “Proxecto de prevención de condutas adictivas dos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025)”, co fin de participar na convocatoria Da mencionada subvención.

Logo de ver a memoria explicativa do **“Proxecto de prevención de condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois e Valga” para o período 2022-2025**

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración a subscribir entre os Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo para a xestión compartida do “Proxecto de prevención de condutas adictivas dos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025)”, co fin de participar na convocatoria da Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G) (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022)

Segundo.- Aprobar o proxecto de prevención de condutas adictivas proposto conxuntamente polos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo para o cal se solicita subvención: “Proxecto de prevención de condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025)”

Terceiro.- Solicitar unha subvención para os gastos que se pretenden executar ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G) (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022), para o desenvolvemento do “Proxecto de prevención de condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025)”, cun orzamento que ascende a 140.000 € para o cal se solicita un financiamento do 95%, é dicir 133.000 euros, sendo a

apartación total dos concellos de 7.000 €.

Cuarto.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 21 de xullo de 2022 para o proxecto denominado "Proxecto de prevención de condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025)", cun orzamento total de 140.000 euros

Quinto.- Acordar o compromiso solidario da execución e da aplicación solidaria da subvención.

Sexto.- Nomear a don Francisco Xabier Castro Tourís, alcalde e representante legal do Concello de Dodro, como representante con poder suficiente para cumprir os deberes que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.

Sétimo.- Iniciar o expediente de encomenda de xestión, de acordo o art. 47.2 da Lei de Bases de Réxime Local, que deberá ser aprobado polo pleno por maioría absoluta, para poder iniciar a execución do convenio.

ANEXO

"CONVENIO DE COLABORACIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025) CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA SEGUINTE SUBVENCIÓN:

Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022),

REUNIDOS:

Os alcaldes:

Don Francisco Xabier Castro Tourís, con DNI 78780773T, alcalde do Concello de Dodro (CIF P1503300D) que actúa en nome desta entidade.

Dunha parte: Don Antonio Fernández Angueira, con DNI 78797426R, alcalde do Concello de Padrón (CIF P1506600D) que actúa en nome desta entidade.

Doutra parte: Don Ramón Tojo Lens, con DNI 33268697W, alcalde do Concello de Rois (CIF P1507500E) que actúa en nome desta entidade.

Doutra parte: Don José María Bello Maneiro, DNI 35412232J, alcalde do Concello de Valga (CIF P3605600J) que actúa en nome desta entidade.

Don Adolfo Muíños Sánchez, con DNI 33264742A, alcalde do Concello de Rianxo (CIF P1507300J) que actúa en nome desta entidade.

Todos en nome e representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

- 1 Que o actual escenario financeiro e a situación económica para os concellos de Galicia precisa buscar solucións, tales como o asociacionismo municipal para solicitar subvencións mediante a xestión de servizos compartidos, que permitan prestarlle os servizos á cidadanía en condicións de calidade.*
- 2 Que os Concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades e nos termos establecidos nas leis 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecendo esta última que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade dos veciños.*
- 3 A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria colaboración entre distintas administracións locais, co fin de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións veciñais.*
- 4 Que a Consellería de Sanidade convocou a Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022)*
- 5 En relación ao acordo de colaboración, o contido mínimo destes instrumentos de colaboración entre administracións está previsto nos artigos 11, 47 e seguintes da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, como son os órganos que o celebran, a competencia, o seu financiamento, as actuacións a desenvolver, o prazo de vixencia, causas de extincións, etc.*

Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.

- 6 Que os cinco concellos deben cumprir os requisitos esixidos pola Consellería de Sanidade na Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022)*
- 7 Que a achega económica, os outros medios necesarios para que cada un dos concellos asinantes realicen a actuación, así como a posterior xestión, resultan antieconómicas e moi gravosas para os intereses dos municipios afectados, pois terían que financiarse tantas actuacións como municipios se asocian para acadar o mesmo fin, polo que resulta máis eficiente empregar un servizo común.*

8 *Que os concellos asinantes, de forma individual, carecen de medios financeiros suficientes para executar a actuación e para unha maior eficacia administrativa e en aras dos principios de cooperación, colaboración e asistencia que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan desenvolver a actuación conxunta de prevención de condutas adictivas polo que todas as partes asinantes deste documento estimaron conveniente para os intereses públicos presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo á Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022)*

9 *Que os concellos asinantes formalizan o presente convenio para compartir a prevención de condutas adictivas no eido local, ao abeiro do anterior e cara a facilitar unha posible e real xestión deste servizo municipal que acade unha economía de escala e posibilite o posterior mantemento do servizo.*

Por todo o anterior, e co obxecto de acadar o fin proposto, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS:

▣ **Obxecto:** *Os concellos asinantes acordan agruparse para o desenvolvemento conxunto do proxecto de prevención de doutras condutas adictivas dos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025), cun orzamento de 140.000,00 euros, co fin de solicitar unha subvención de 133.000,00 euros á Consellería de Sanidade*

▣ **Obxectivos:** *A prestación asociada baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración, e ten como finalidade acadar os obxectivos marcados polo Plan de Galicia sobre drogas, a Estratexia nacional sobre drogas e pola Estratexia da Unión Europea en materia de loita contra a droga e os seus plan s de acción.*

O obxectivo principal do servizo é o desenvolvemento de actuacións orientadas ao fomento de estilos de vida saudables cara a prevención de condutas adictivas (sociais e comportamentais)

▣ **Ámbito de aplicación:** *O ámbito territorial é a totalidade dos termos municipais de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo.*

▣ **Sede do servizo:** *A sede vai estar no concello de Dodro*

▣ **Representación do servizo:** *Os concellos colaboradores nomean a don Francisco Xabier Castro Tourís, alcalde e representante legal do Concello de Dodro, como representante con poder suficiente para cumprir os deberes que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.*

A representación técnica corresponderalle a un/unha persoa con titulación universitaria e formación específica en condutas adictivas, que actuará como representante técnica do proxecto ante a consellería de Sanidade , e que deberá estar dispoñible durante todo o período da subvención.

▣ **Xestión administrativa do servizo.** *A xestión administrativa será desenvolvida polo*

Concello de Dodro en todo o relacionado co persoal, coa contratación administrativa, xestión de axudas, xestión ordinaria etc., sen que isto supoña menoscabo das competencias de cada concello.

☐☐ **Financiamento do servizo.** O orzamento do proxecto de prevención de condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025) é de 140.000,00 euros, que será realizado mediante dúas vías de financiamento:

- a) O 95%, é dicir 133.000 €, como máximo, será financiado pola subvención regulada na Orde do 21 de xullo de 2022
- b) O 5% restante, é dicir 7.000,00 €, será a aportación económica dos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo, que se fará en función da poboación de cada un deles, segundo cifras oficiais do último padrón municipal publicado polo Instituto Galego de Estatística, que na data da sinatura do convenio son cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro de 2021

CONCELL O	POBOACIÓN	PORCENTAXE (%)	APORTACIÓN CONCELLOS
DODRO	2.710	8,39 %	587,45 €
PADRÓN	8.317	25,76 %	1.802,89 €
ROIS	4.493	13,91 %	973,96 €
VALGA	5.768	17,86 %	1.250,34 €
RIANXO	11.004	34,08 %	2.385,36 €
TOTAL	32.292	100,00 %	7.000 €

Os gastos que non sexan subvencionados pola mencionada orde serán asumidos polos concellos segundo a súa porcentaxe de participación.

☐☐ **Organización e execución do Servizo.** Os/as técnicos/as desempeñarán o seu traballo equitativamente entre os concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo.

☐☐ **Compromisos asumidos polos concellos agrupados**

- Comprometerse solidariamente a execución do proxecto e aplicación solidaria da subvención. No caso de que algunha das entidades integrantes da agrupación cause baixa nela, as restantes comprométese a desenvolver o proxecto inicialmente proposto na súa área de influencia.
- Comprometerse a non disolver a agrupación en tanto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia

☐☐☐ **Vixencia.** O presente convenio terá un período de vixencia de tres anos dende a súa sinatura.

☐☐☐ **Resolución.** Será motivo de rescisión deste convenio calquera das seguintes causas:

- ✓ O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido.
- ✓ O mutuo acordo entre as partes. Así mesmo calquera das partes poderá propor a modificación ou denunciar o presente convenio. Deberá comunicalo por escrito ao resto das partes cunha antelación de polo menos dous meses á data na que se dea por

rematado.

✓ *A non concesión ou extinción da axuda para manter o servizo.*

☐☐☐ **Natureza administrativa.** *Este convenio ten carácter administrativo, réxese polas súas cláusulas e, no seu defecto, estarase aodispuesto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.*

☐☐☐ **Xurisdición competente.** *As posibles discrepancias que poidan xurdir na súa aplicación e/ou interpretación resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de seguimento. As controversias non resoltas serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio.

*O alcalde do Concello de Dodro.- Francisco Xabier Castro Tourís
O alcalde do Concello de Padrón.- Antonio Fernández Angueira
O alcalde do Concello de Rois.- Ramón Tojo Lens
O alcalde do Concello de Valga.- José María Bello Maneiro
O alcalde do Concello de Rianxo.- Adolfo Muíños Sánchez”*

En vista do exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 724/2022, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO Remitir certificado do presente acordo ao Concello de Dodro

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR, IGUALDADE E DIVERSIDADE, E BENESTAR ANIMAL, en sesión extraordinaria do día 26/09/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 9 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 724/2022, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO Remitir certificado do presente acordo ao Concello de Dodro

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

3 RATIFICAR POLO PLENO MUNICIPAL A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 687/2022 de data 29/08/2022: FESTIVOS LOCAIS 2023

Polo Sr. Presidente dáse conta da proposta da alcaldía que se somete a aprobación e que seguidamente se transcribe:

En data 29 de agosto de 2022 ditase a Resolución da Alcaldía nº 687/2022 que se transcribe a continuación:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2023

Visto que o concello de Rianxo ten que comunicar a maior brevidade posible ao SMAC da Coruña (sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación) da Consellería de Emprego e Igualdade, os dous días que para todo o termo Municipal de Rianxo se fixen como Festas Locais no próximo ano 2023, para os efectos de poder confeccionar o calendario laboral da Provincia de Coruña para dito ano.

Conforme ao establecido no artigo 37.2 do Real decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores que di:

2. Las fiestas laborales, que tendrán carácter retribuido y no recuperable, no podrán exceder de catorce al año, de las cuales dos serán locales. En cualquier caso se respetarán como fiestas de ámbito nacional las de la Natividad del Señor, Año Nuevo, 1 de mayo, como Fiesta del Trabajo, y 12 de octubre, como Fiesta Nacional de España e no artigo 45 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: "serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia".

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Sinalar como Festas Locais deste Concello para o ano 2023, os seguintes días:

- **14 de xullo de 2023: Festas do Carme**
- **15 de setembro de 2023: Venres de Guadalupe.**

SEGUNDO

Comunicar esta resolución ao SMAC da Coruña (Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación) da Consellería de Emprego e Igualdade, para o seu coñecemento e efectos.

TERCEIRO

Dar traslado ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, aos efectos da ratificación do presente acordo.

En vista do exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 687/2022, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO

Remitir certificado do presente acordo a SMAC da Coruña -Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación da Consellería de Emprego e Igualdade.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do día 26/09/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 9 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 687/2022, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO

Remitir certificado do presente acordo a SMAC da Coruña -Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación da Consellería de Emprego e Igualdade.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

4 APROBAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN DO CONVENIO COLABORACIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN ROIS VALGA E RIANXO(2022_2025) CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN ORDE 21 DE XULLO DE 2022 (DOGA NUM 153 DE 11 DE AGOSTO DE 2022

Polo Presidente dáse conta da proposta da alcaldía que se somete a aprobación e que seguidamente se transcribe:

Visto o CONVENIO COLABORACIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN ROIS VALGA E RIANXO(2022_2025) CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN ORDE 21 DE XULLO DE 2022 (DOGA NUM 153 DE 11 DE AGOSTO DE 2022

Considerando que o presente convenio ten por obxecto a creación dunha agrupación entre os Concellos de Rianxo, Dodro, Padrón, Rois e Valga

Considérase que a fórmula máis axeitada para executar o proxecto é que o Concello de Rianxo encomende o exercicio no Concello de Dodro da xestión do proxecto necesarios para o seu desenvolvemento.

A través da firma deste convenio o concello de Rianxo encoméndalle o Concello de Dodro a facultade de **coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.**

Esta delegación en ningún caso suporá a cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá sendo municipal, senón unicamente o seu exercicio.

Visto o contido do proxecto visto os informes de Secretaría e Intervención de data 15/09/2022 e a Resolución de Alcaldía 724/2022 de data 09/09/2022 aprobando o CONVENIO COLABORACIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN ROIS VALGA E RIANXO(2022_2025) CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN ORDE 21 DE XULLO DE 2022 (DOGA NUM 153 DE 11 DE AGOSTO DE 2022

En vista do exposto, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Aprobación a encomenda de xestión entre o Concello de Rianxo e Dodro

SEGUNDO

Publicar no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña anuncio Convenio sometendo o mesmo a exposición pública durante un prazo de 15 días naturais no caso de non interperse reclamacións

dito acordo entenderase aprobado definitivamente .

TERCEIRO

Notificar ao Concello de Dodro o presente acordo

CUARTO

Facultar o Sr Alcalde para a realización de cantos trámites sexan necesarios para a súa formalización e adhesión de acordo co convenio aprobado por Resolución da Alcaldía nº 724/2022 de data 09/09/2022 .

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do día 26/09/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 9 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Aprobación a encomenda de xestión entre o Concello de Rianxo e Dodro

SEGUNDO

Publicar no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña anuncio Convenio sometendo o mesmo a exposición pública durante un prazo de 15 días naturais no caso de non interperse reclamacións dito acordo entenderase aprobado definitivamente .

TERCEIRO

Notificar ao Concello de Dodro o presente acordo

CUARTO

Facultar o Sr Alcalde para a realización de cantos trámites sexan necesarios para a súa formalización e adhesión de acordo co convenio aprobado por Resolución da Alcaldía nº 724/2022 de data 09/09/2022 .

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

5 ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR)

EXPTE.: 2022/G006/000238

Polo Sr. Presidente dáse conta da proposta da alcaldía que se somete a aprobación e que seguidamente se transcribe:

A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece a obriga de toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia -PRTR- deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses (artigo 6.1 Orde HFP/1030/2021).

O artigo 6.5.a) da antedita orde establece a obriga de que a entidade decisora ou executora dun proxecto financiado con fondos Next Generation aprobe un plan de medidas anti-fraude nun prazo inferior a 90 días desde a entrada en vigor da dita orde ou desde que se tivese coñecemento da participación na execución do PRTR. Neste momento, non hai constancia de que o Concello de Rianxo participe nese plan como entidade decisora nin executora, polo que, neste momento, non hai obriga legal de aprobar un plan anti-fraude.

Non obstante, é vocación da normativa europea que na xestión dos fondos Next Generation se apliquen protocolos de prevención, detección e corrección do fraude, da corrupción e dos conflitos de intereses. Por este motivo é conveniente dispoñer dun plan específico que delimite as actuacións a adoptar para acadar estes obxectivos.

O 12/08/2022 a Intervención emitiu o informe de necesidade da adhesión ao Plan xeral de prevención de riscos e medidas anti-fraude da Deputación da Coruña:

“(…) 3. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE ADHESIÓN

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobou o 23/06/2022 o Plan Xeral de Prevención de Medidas Anti-fraude (PREMADECOR) e este publicouse no BOP núm. 125 do 04/07/2022. No seu apartado I prevé a posibilidade de adhesión dos concellos da provincia ao Plan PREMADECOR e aos seus mecanismos anti-fraude. Para elo, establece dous graos de adhesión segundo a poboación do municipio:

- *1º grao de adhesión, para municipios de máis de 10.000 habitantes.*
- *2º grao de adhesión, para municipios de ata 10.000 habitantes.*

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

O Concello de Rianxo só podería optar ao 1º grao de adhesión, o máis limitado e que consiste no seguinte segundo o PREMADECOR:

A.)1º GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios e documentos.

Co ánimo da cooperación exposta, ofrécese a todos os concellos e entidades locais da provincia o presente documento, co carácter de modelo ao que poden adherirse, mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo e adopción do acordo plenario que proceda, e logo coa ulterior publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica de cada entidade.

Unha vez aprobado o plan correspondente, será de exclusiva competencia municipal a súa implantación no concello ou entidade, determinando os órganos que deberán realizar a avaliación de riscos, seguimento de control e órganos competentes, así como establecemento do canle de denuncias.

Neste primeiro nivel ou grao non se produce delegación de competencia ningunha, polo que a Deputación quedará enterada do acordo cando sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia; con todo, o Comité CADECOR que se regula no presente Plan e os demais servizos da Deputación asistirán aos concellos que o requiran por escrito, emitindo os informes que procedan en cada caso de acordo co Regulamento de asistencia a municipios

Os medios persoais de perfil técnico en materia administrativa e económica son escasos para acometer as tarefas derivadas da actividade administrativa e das continuas modificacións normativas; tarefas que son crecentes, tanto en número como en complexidade.

A nova cultura de prevención e loita contra o fraude é unha nova fonte de obrigas e protocolos nos distintos procedementos, especialmente nos relativos á contratación. A día de hoxe o Concello de Rianxo é beneficiario dunha subvención financiada con fondos Next Generation. Se ben, como xa indiquei anteriormente, o concello non ten a calificación de entidade decisora nin executora e, polo tanto, non ten a obriga de ter aprobado un plan anti-fraude, a licitación e execución do contrato debe incluír medidas preventivas, para as que considero conveniente dispor dun plan que defina as ditas actuacións.

A posibilidade de adhesión ao plan provincial evita que se destinen recursos e esforzo do persoal técnico á tarefa de elaboración do plan anti-fraude; recursos que xa son insuficientes para acometer as obrigas diarias. Se ben é certo que sería desexable poder delegar a función de avaliación de riscos e de instrucción de procedementos, previstas nos graos 2º e 3º da adhesión, a adhesión proposta permite dispoñer non só do plan anti-fraude, senón tamén dos seus formularios e documentos.

Por outra parte, no exercicio das súas competencias de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica cos municipios do seu ámbito territorial, a Deputación da Coruña tamén ofrece asesoramento aos concellos adheridos ao PREMADECOR dentro do 1º grao a través do seu Comité Anti-faude (CADECOR). Considero que contar con este servizo resulta esencial para os servizos municipais na súa labor de desenvolvemento e execución do PREMADECOR, tendo en conta o seu perfil técnico (art. 4 do apartado III Medidas de loita contra o fraude):

- *Membro da Secretaría Xeral*
- *Membro da Intervención Xeral*

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

- *Membro do Servizo de Administración electrónica*
- *Membro pertencente a algún dos servizos que xestionan a concesión de subvencións ou a tramitación de plans provinciais de cooperación municipal*

4. EFECTOS ECONÓMICOS

A adhesión non supón leva aparelada ningún custo económico para o concello.

5. PROCEDEMENTO

En relación ao procedemento de aprobación e determinación do órgano competente, expoño as seguintes consideracións:

- *A Orde HFP/1030/2021 non establece ningún procedemento para a aprobación do plan anti-fraude.*
- *A normativa non lle atribúe ao dito plan unha natureza normativa.*
- *A adhesión non supón ningunha delegación de competencias do concello na deputación provincial.*

En consecuencia, considero que é aplicable a cláusula da competencia residual da Alcaldía prevista no apartado s) do artigo 21.1 da LBRL.

Non obstante, o PREMADECOR determina a tramitación necesaria para a adhesión dos concellos do 1º grao, que consta de:

- *Acordo plenario*
- *Publicación do acordo no BOP e na sede electrónica municipal*

6. PROPOSTA

Tendo en conta os antecedentes e fundamentos expostos, esta Intervención propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Adherise ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios. O PREMADECOR publicouse no BOP núm. 125, do 04/07/2022.

SEGUNDO

Publicar o acordo de adhesión no BOP e na sede electrónica municipal.

Rianxo, venres 12 de agosto de 2022

A interventora, Patricia Fernández Pérez

De acordo co informe, a adhesión ao PREMADECOR permitiralle ao Concello de Rianxo dispoñer

dun plan anti-fraude, recomendable para a xestión de fondos Next Generation, cando non obrigatorio; dispoñer dos formularios e documentos asociados ao dito plan e acceder ao asesoramento da Deputación Provincial no tocante ao seu desenvolvemento e execución. Por todo isto, considero conveniente e oportuno formalizar a adhesión proposta. Asemade, aínda que non é preceptivo, considero oportuno notificarlle o acordo á Deputación Provincial.

Por todo o exposto, PROPOÑO

PRIMEIRO

Aprobar a adhesión ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios. O PREMADECOR publicouse no BOP núm. 125, do 04/07/2022.

SEGUNDO

Publicar o acordo de adhesión no BOP e na sede electrónica municipal, así como notificarllo á Deputación Provincial.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do día 26/09/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 9 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Aprobar a adhesión ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios. O PREMADECOR publicouse no BOP núm. 125, do 04/07/2022.

SEGUNDO

Publicar o acordo de adhesión no BOP e na sede electrónica municipal, así como notificarllo á Deputación Provincial.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

**6 INICIO EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DO CONTRATO SUBMINISTRO DEFINIDO NO PROXECTO DENOMINADO "PROXECTO DE RENOVACIÓN E ADAPTACIÓN AO REGULAMENTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA RD 1890/2008 DOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE RIANXO" (EXPEDIENTE NÚMERO 2019/C005/000004)
EXP 2022/C008/000004**

Polo Sr. Presidente dáse conta da proposta da alcaldía que se somete a aprobación e que seguidamente se transcribe:

05.07.2019 En sesión plenaria extraordinaria e urxente aprobouse o expediente de contratación por procedemento aberto e pluralidade de criterios de adxudicación, para a execución do subministro definido no proxecto denominado "Proxecto de renovación e adaptación ao regulamento de eficiencia enerxética RD 1890/2008 dos alumeados públicos do Concello de Rianxo", redactado por D. Antonio Capelo García, enxeñeiro industrial colexiado ICIIG núm. 1404 y visado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais o día 28.06.2019 con número de rexistro 20191698, expediente número 2019/C005/000004, contrato suxeito a regulación harmonizada (SARA) cun orzamento de licitación de 946.515,31 € (782.244,06 €+164.271,31 €), ordenando a publicación no DOUE (anuncio 2019/S 135-331417 publicado en data de 16.07.2019 e remitido en data de 11.07.2019, e no Perfil do contratante en data de 16.07.2019), delegando na Alcaldía na citada sesión plenaria a competencia para la adxudicación e formalización do presente contrato, así como para las restantes actuacións que ante o IDAE se tiveran que realizar, por exceder a contía do contrato do 10% dos recursos ordinarios do presuposto actualmente prorrogado.

27.04.2021 recíbese notificación da Resolución do IDAE pola que conceden unha prórroga de 15meses para a execución e xustificación do contrato, resultando un total de 45 meses desde a notificación da resolución de concesión, ademais da suspensión dos prazos durante o estado de alarma. De acordo coa confirmación do IDAE por correo electrónico, o prazo para a execución dos traballos e xustificación da subvención remata o 18/12/2022.

18.05.2020 por resolución de la alcaldía 267/2020 e a vista da documentación presentada e o informe do enxeñeiro autor do proxecto referido, acordou adxudicar o suministro de "PROXECTO DE RENOVACIÓN E ADAPTACIÓN AO REGULAMENTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA RD 1890/2008 DOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE RIANXO" a empresa IMESAPI, S.A. con cif. a-280104787, por importe 757.649,40 € iva añadido, que se desagrega en un valor estimado 626.156,53 € y el iva que supone la cuantía 131.492,87 € .

Posteriormente iniciase a execución do contrato

10.06.2022 Alcaldía require a empresa facilita Ingeniería SL A presentación dun informe

xustificativo da necesidade, ou non, de modificar o contrato de "Renovación e instalación do alumeadado público exterior do Concello de Rianxo", tendo en conta que a introdución de unidades novas supón unha modificación do obxecto do contrato. Dado que o PCAP non prevé a posibilidade da modificación, só procederá a súa tramitación se concorre algún dos supostos do artigo 205 LCSP, que se transcribe a continuación. O informe deberá indicar expresamente o suposto do dito precepto que xustifica a modificación, así como o cumprimento de todos os seus requisitos.

07.07.2022 Facilita ingeniería SL Num RE 202299900001188 presenta informes co seguinte contido

" Polo Enxeñeiro Técnico, na súa condición de Director da obra, que trala requirimento de emenda do 10 de xuño do 2022, expón o seguinte:

As son modificacións non previstas no contrato responden ao establecido no artigo 205 da LCSP:

• Son variacións estritamente necesarias para responder a causa que as fan necesarias:

- substitucións de elementos en mal estado non previstas*
- modificacións da ubicación dalgúns cadros de mando para cumprir coa normativa técnica regulamentaria*
- adaptación das características técnicas dalgúns cadros de mando a situación técnica actual da instalación*
- adaptación do estado actual dalgúns instalacións ao cumprimento coa normativa técnica regulamentaria.*

• Todas elas encaixan co establecido no apartado 2 do citado artigo:

a) As modificacións necesarias non facilitan o cambio de contratista por razón técnicas e tampouco exceden as contías máximas establecidas.

b) Existencia de circunstancias sobrevindas:

- elementos en mal estado*
- cambio da ubicación dalgúns cadros de mando*
- cambio dalgúns cadros de mando por non corresponder as características técnicas actual da instalación*
- Adaptación ao estado actual dalgúns instalacións. Ningunha delas altera a natureza do contrato e tampouco excede as contías máximas establecidas.*

c) Non son modificacións substanciais, posto que non introducen modificacións que esixiran unha

clasificación do contratista distinta a prevista no procedemento de licitación orixinal, non se altera o equilibrio económico do contrato en favor do contratista e tampouco amplía o ámbito do contrato segundo o indicado nos apartados (i) e (ii) do artigo 205."

21.09.2022 Secretaria emite informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, propoño o Pleno a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.

Iniciar o expediente de modificación do contrato de obras SUBMINISTRO DEFINIDO NO PROXECTO DENOMINADO "PROXECTO DE RENOVACIÓN E ADAPTACIÓN AO REGULAMENTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA RD 1890/2008 DOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE RIANXO(EXPEDIENTE NÚMERO 2019/C005/000004) " e ordenar a redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica do mesmo

SEGUNDO.

Dar audiencia ao contratista por un prazo de 5 días con traslado do informe emitido e da proposta de modificación, para que presente as alegacións que estime pertinentes.

TERCEIRO.

Dar audiencia ao redactor do proxecto para que no prazo de 5 días formule as consideracións que teña por conveniente.

CUARTO:

Iniciar expediente para a suspensión do prazo de execución do contrato dando audiencia o contratista por un prazo de 15 días para que efectúe as alegacións que estime oportunas.

QUINTO.

Que se incorpore ao expediente Certificado de existencia de crédito, expedido pola Intervención Municipal.

SEXTO.

Formuladas as alegacións, emitir certificado de secretaría das alegacións presentadas, e dar traslado aos servizos técnicos municipais para a emisión do correspondente informe.

SÉTIMO.

Tras o informe técnico, eleborese proposta e posteriormente remitase a intervención e secretaria para emisión correspondentes informes .

OITAVO.

Cos informes anteriores, elévese proposta o Pleno.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do día 26/09/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 9 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.

Iniciar o expediente de modificación do contrato de obras SUBMINISTRO DEFINIDO NO PROXECTO DENOMINADO "PROXECTO DE RENOVACIÓN E ADAPTACIÓN AO REGULAMENTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA RD 1890/2008 DOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE RIANXO(EXPEDIENTE NÚMERO 2019/C005/000004) " e ordenar a redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica do mesmo

SEGUNDO.

Dar audiencia ao contratista por un prazo de 5 días con traslado do informe emitido e da proposta de modificación, para que presente as alegacións que estime pertinentes.

TERCEIRO.

Dar audiencia ao redactor do proxecto para que no prazo de 5 días formule as consideracións que teña por conveniente.

CUARTO:

Iniciar expediente para a suspensión do prazo de execución do contrato dando audiencia o contratista por un prazo de 15 días para que efectúe as alegacións que estime oportunas.

QUINTO.

Que se incorpore ao expediente Certificado de existencia de crédito, expedido pola Intervención Municipal.

SEXTO.

Formuladas as alegacións, emitir certificado de secretaría das alegacións presentadas, e dar traslado aos servizos técnicos municipais para a emisión do correspondente informe.

SÉTIMO.

Tras o informe técnico, elabórese proposta e posteriormente remítase a intervención e secretaria para emisión correspondentes informes .

OITAVO.

Cos informes anteriores, elévese proposta o Pleno.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

7 APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2022 – POS+ADICIONAL 2 /2022 – 2ª FASE

Polo Sr. Presidente dáse conta da proposta da alcaldía que se somete a aprobación e que seguidamente se transcribe:

ANTECEDENTES

Con data 31/05/2022 e número de Rexistro de Entrada 202200000001880, recíbese circular da Deputación Provincial da Coruña, sobre A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022" PARA REGULAR O POS+ADICIONAL 2/2022 PARA GASTO CORRENTE/INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES/REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS, na cal se indica:

.../...

O importe da achega provincial asignada a ese concello xa se lle comunicou mediante unha circular que se lle enviou o 20 de abril de 2022 e é o seguinte:

Concello	Asignación POS+ AD 2/2022 para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostibles e/ou revisión excepcional de prezos
Rianxo	437.655,41

.../...

Con data 15/06/2022 ditouse a Resolución da Alcaldía nº 463/2022 aprobando a súa participación na **1ª FASE DO POS + ADICIONAL 2/2022** tal e como se reflexa en dita resolución:

“.../...”

Primeiro.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILAS, NO CONCELLO DE RIANXO FASE I MODIFICACIÓN 04/04/2022	168.420,21				168.420,21
AMPLIACIÓN DE VARIOS TRAMOS DA REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA NA PARROQUIA DE TARAGOÑA MODIFICACIÓN 19/05/2022	106.840,58				106.840,58
TOTAL	275.260,79				275.260,79

.../... “

Conforme ao disposto na circular da Deputación Provincial da Coruña de data 31/05/2022 e número de Rexistro de Entrada 20220000001880, **este Concello desexa participar na 2ª FASE DO POS +ADICIONAL 2/2022, financiando gasto corrente de servizos públicos obrigatorios.**

Considerando as cantidades asignadas a este Concello, a finalidade e o obxecto do Plan así como as demais instrucións contidas na circular da Deputación, é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	162.394,62 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	0,00 €

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios	162.394,62 €				162.394,62 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Revisión excepcional de prezos obras municipais	0,00				0,00
TOTAL	162.394,62 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	162.394,62 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

- 3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.
- 4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
- 5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Non obstante o Pleno acordará o que estime pertinente.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do día 26/09/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 9 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2022**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	162.394,62 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	0,00 €

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios	162.394,62 €				162.394,62 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Revisión excepcional de prezos obras municipais	0,00				0,00
TOTAL	162.394,62 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	162.394,62 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

8 PROPOSTA SOLICITUDE DENOMINACIÓN RAMÓN BALTAR AO ANTIGO PROVINCIAL

Polo Sr. Presidente dáse conta da proposta da alcaldía que se somete a aprobación e que seguidamente se transcribe:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha comisión cidadá creouse para solicitar que o chamado Hospital Provincial de Conxo pase a chamarse "Hospital Ramón Baltar", sabedores do arraigo histórico da familia na vila de Rianxo solicitan que se sume á petición suscribindo o texto que adxuntamos a continuación e que no seu día enviaremos cos apoios recibidos á Consellería de Sanidade.

Esta comisión está conformada por Don Luís Pasín, Dona Encarna Otero, Dona Pilar Sampedro,

Don Luís Folgar e Don Suso de Toro. Dito texto di o seguinte:

HOSPITAL "RAMÓN BALTAR"

O médico e cirurxián don Ramón Baltar Domínguez forma parte da historia médica de Galicia. Director do Gran Hospital Real, como xa fora o seu pai Ángel Baltar Cortés, e profesor da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago no tempo no que lle foi permitido, posteriormente Director General de Beneficencia Provincial da provincia da Coruña.

Desde ese posto conseguiu que se abrise un novo hospital de Beneficencia cando o Gran Hospital Real foi cerrado por orden do entón Xefe do Estado, xeneral Franco, para dedicar o edificio a parador de turismo. O propio Franco cedeu á insistente campaña de Baltar e concedeu que se crease un novo hospital para beneficencia, "doctor Baltar, ahí tiene usted su hospital".

Posteriormente, desde ese mesmo posto administrativo conseguiu coas súas xestións, que incluíron a búsqueda dos terreos, se crease un novo hospital provincial, o actual Hospital Provincial de Conxo. Se hai un hospital unido a unha figura é o actual "Provincial" e se hai unha figura médica que dedicase tantas ansias á Medicina como servizo á poboación máis necesitada esa é a de don Ramón Baltar.

Don Ramón proviña dunha familia padronesa, onde está enterrado coa súa familia, dunha familia unida á historia de Rianxo e que viviu e exerceu a cirurxía en Santiago de Compostela. O exercicio da profesión de modo brillante unido ao seu compromiso cívico e cultural co país fan que o seu nome sexa o máis indicado para ostentar o hospital que el inspirou e promoveu.

Por todo isto, esta corporación municipal ACORDA

Instar ao SERGAS para que mude o nome o actual "provincial" polo de Hospital Ramón Baltar que sería ornato para a nosa Galicia toda e lección permanente de memoria cívica.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR, IGUALDADE E DIVERSIDADE, E BENESTAR ANIMAL, en sesión extraordinaria do día 26/09/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 9 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

Instar ao SERGAS para que mude o nome o actual "provincial" polo de Hospital Ramón Baltar que sería ornato para a nosa Galicia toda e lección permanente de memoria cívica.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

9 NOMEAR A D. SANTIAGO AGRELO MARTÍNEZ FILLO PREDILECTO DE RIANXO

Polo Sr. Presidente dáse conta da proposta da alcaldía que se somete a aprobación e que seguidamente se transcribe:

Santiago Agrelo Martínez, fillo de Santiago e Teresa, naceu en Asados, municipio de Rianxo, provincia da Coruña, diocese de Santiago, o 20 de xuño de 1942. Estudou Humanidades no Seminario Franciscano de Herbón (1953-1958). Fixo o Noviciado no convento franciscano de San Francisco de Santiago (1958-1959).

Estudou Filosofía (tres cursos: desde 1959 a 1962) no Centro de Estudos que a Provincia Franciscana de Santiago tiña en Pontearreas. Estudou Teoloxía (catro cursos: desde 1962 a 1966) na Universidade Pontificia de Salamanca, na que obtivo o título de Licenciado. Ordenouse sacerdote o 13 de agosto de 1966 e celebra a súa primeira misa no Asados natal neste mesmo mes.

Durante o curso 1966/67 ensina Teoloxía dos Sacramentos no Centro de Estudos que a Provincia Franciscana tiña no seu convento de Santiago. Seguirá completando de 1967 a 1969 os estudos de Teoloxía, coa especialización en Liturxia, no Pontificio Ateneo Anselmiano, de Roma. Durante o curso 1969-1970 estivo destinado como Director Espiritual no Colexio de Herbón.

En 1970 incorpórase como Profesor de Liturxia ao Pontificio Ateneo Antoniano, de Roma, onde permanecerá ata o verán de 1986, ano en que regresa a España por ser nomeado Vigairo provincial da Provincia Franciscana de Santiago.

En 1975, no Pontificio Ateneo Anselmiano de Roma, na Facultade de Teoloxía, defendeu a tese doutoral – A Simbología da luz no Sacramentario Veronense – e obtivo o título de Doutor en Sacra Teoloxía, con especialización en Liturxia.

Desde 1986 ata o 2004 desempeñou o cargo de Secretario provincial da Provincia Franciscana de Santiago, e insignia no Instituto Teolóxico Compostelán, no que é Profesor ordinario de Liturxia e Teoloxía Espiritual.

Foi Visitador xeral e Presidente do Capítulo que a Provincia dos Santos Mártires de Marrocos de Portugal celebrou en 1992. En 1998 foi Visitador xeral do Pontificio Ateneo Antoniano de Roma, do Estudo Bíblico de Xerusalén e do Instituto de Estudos Ecuménicos de Venecia. En 2001-2002 foi Visitador xeral e Presidente do Capítulo da Provincia Franciscana da Santa Fe de Colombia.

Participou na preparación da edición do Diurnal en lingua galega, e da edición do Leccionario en lingua galega.

Desde 1998 a 2004 foi Vicedirector do Centro Cultural Xoán XXIII de Santiago.

No mes de xullo de 2002 incorporouse ao Centro de Atención Pastoral (CAP) da Veiga de Valcarce, na diócese de Astorga, como párroco e como responsable ante o Sr. Bispo das actividades pastorais que desempeñan todos os párrocos integrados en mencionado CAP.

É nomeado Arcebispo de Tánxer polo Papa Bieito XVI o 11 de abril de 2007 e permanecerá alí durante doce anos até a súa xubilación nese posto no ano 2019. Destaca polo fortísimo compromiso coa inmigración, denunciando o seu dereito a procurar en Europa un futuro mellor, as condicións do valado en Ceuta, os malos tratos policiais e as necesidades dos máis pobres. Alí como di descubre unha realidade que fixo súa: os migrantes e as mafias que os oprimen para saltar a Europa. Nunha recente entrevista sinalaba: *soño co día en que o virus de acollida contaxie as homilías das parroquias, porque sospeito que están máis cheas do virus do rexeitamento. E esta é responsabilidade das Igrexas e das relixións.*

Diríamos que tamén das administracións, instrumentos para unhas políticas insensíbeis ou mesmo agresivas coas persoas diferentes que petan nas portas de sociedades moito máis ricas e que se deixan enganar por mensaxes falsas para alzar a man, non só a voz, contra os dereitos das persoas. Monseñor Agrelo, desde o seu cargo axudou a concienciar desa realidade diante da que non cabe lavar as mans ou virarnos de costas.

Santiago Agrelo nese labor de denuncia e defensa das persoas máis desvalidas ten realizado numerosas entrevistas nos medios e son tamén numerosas os traballos realizados por D. Santiago Agrelo, teolóxicas e de liturxia con numerosas publicacións.

Esta Corporación Municipal entende existen sobrados argumentos para nomear ao Monseñor Santiago Agrelo como Fillo Predilecto de Rianxo.

Polo tanto, esta Corporación **ACORDA**

PRIMEIRO

Nomear a D. Santiago Agrelo Martínez, Fillo Predilecto de Rianxo.

SEGUNDO

Organizar un acto público de recoñecemento deste nomeamento.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do día 26/09/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 9 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Nomear a D. Santiago Agrelo Martínez, Fillo Predilecto de Rianxo.

SEGUNDO

Organizar un acto público de recoñecemento deste nomeamento.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

10 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE SOLICITANDO O ADECUADO ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS DE SERVIZO QUE DISCORREN PARALELOS Á AUTOVÍA DO BARBANZA.

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE SOLICITANDO O ADECUADO ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS DE SERVIZO QUE DISCORREN PARALELOS Á AUTOVÍA DO BARBANZA, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recuperamos esta moción que xa presentáramos no pleno de abril de 2018 e en maio de 2020 pola importancia que teñen os camiños de servizo que discorren paralelos á autovía do Barbanza

na comunicación entre as parroquias do noso concello.

Antigamente era por onde as persoas ían camiñando de uns lugares a outros. Cando se fixo esta nova infraestrutura, de tanta importancia para o desenvolvemento da nosa comarca, as vías de comunicación que eran os camiños, víronse modificadas e non foron acondicionadas axeitadamente para realizar o tránsito dunhas zonas a outras con seguridade e comodidade.

Aínda que agora a maioría dos desprazamentos se realizan en coche, é necesario transitalas para que as persoas que teñen propiedades no monte poidan empregalas para facer un mantemento axeitado, para que a matogueira non as invada e así poder evitar, na medida do posible, reducir a biomasa que alimenta os incendios que se padecen na nosa contorna, case de xeito periódico.

O feito de que se poda transitar polo monte con comodidade e seguridade tamén facilitará que as novas xeracións coñezan onde teñen as súas propiedades e non se produza, como está pasando agora, o abandono do monte. É triste pensar que se herdán propiedades e non se coñece nin onde están situadas.

Estes camiños tiveron que adaptarse ás marxes da autovía e en moitas zonas quedaron con pendentes case impracticables, sendo agravado o seu estado pola acción das choivas que produciron regos que dificultan moito e en moitos tramos imposibilitan o paso das persoas, animais e vehículos.

Estivemos vendo estes días que se estaban realizando tarefas de eliminación de maleza nas marxes da autovía e está ben, pero é necesario tamén o arranxo de moitos tramos de eses camiños de servizo para que podan seguir sendo vías que permitan, ademais de coidar as propiedades forestais, visitar moitos lugares de interese cos que contamos no noso concello.

Polo tanto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE de Rianxo presenta para a aprobación polo Pleno o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia que esixa a quen competa o mantemento dos camiños de servizo que discorren paralelos á autovía do Barbanza para facelos transitables, porque na maior parte do seu percorrido atópanse en claro estado de abandono e supoñen perigo para os/as posibles usuarios/as, para que así se poida desfrutar das nosas paraxes e para coidar as propiedades forestais.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen,

APROBAR a proposta nos termos desta.

PARTE DE CONTROL

11 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/07/2022 ata o 31/08/2022, que comprenden os números 536/2022 ao 699/2022, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 12 da Sesión ordinaria do día 07/07/2022

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

12 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DE 2023 (LFO 2023)

Expte.: 2022/X998/000094

Dáse lectura da proposta presentada:

O 14/09/2021 ditei a Resolución da Alcaldía núm. 737/2022, pola que se aproban as Liñas fundamentais do Orzamento de 2023. En aplicación do punto segundo do acordo, dáselle conta ao Pleno do dito documento, que se transcribe a continuación.

O artigo 13.3 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira establece o seguinte:

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

“Con carácter anual remitirase a seguinte información:

(...)

3. Antes do 15 de setembro, as liñas fundamentais dos orzamentos para ao exercicio seguinte, contendo toda a información necesaria conforme á normativa europea e, polo menos, a seguinte información:

a) Definición das principais políticas que inspiran o orzamento con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean

b) Saldos orzamentarios e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculada conforme a normas do sistema europeo de contas

c) Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e a posterior liquidación como ao resto de ingresos nas súas principais rúbricas

d) Información sobre as dotacións de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedentes

e) Modificacións significativas nos criterios de orzamentación que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente

f) Información sobre as diferenzas existentes nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do marco orzamentario establecido no artigo 6. No caso de producirse as ditas diferenzas, debe procederse á remisión da información actualizada ao dito marco orzamentario”

1. CONTEXTO PARA A ELABORACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO (LFO) 2023

A elaboración neste momento das LFO realízase nun contexto de elevada inflación e no que as regras fiscais están suspendidas e estarano no 2023. Non obstante, as previsións deste documento realízanse co obxectivo de manter o equilibrio orzamentario das contas municipais.

2. CONTIDO DAS LFO

2.1 Definición das principais políticas que inspiran o orzamento, con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean

Para cubrir os datos de ingresos e gastos de 2022 utilizáronse os seguintes criterios:

- Os ingresos dos capítulos 1 a 3: tomáronse as previsións da Tesourería para o Orzamento 2022, incluídas no expediente 2022/T004/000001.
- Para o resto de datos, tivéronse en conta as previsións definitivas de ingresos e gastos do orzamento prorrogado vixente, a 14/09/2022.

2.2 Saldos orzamentarios e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e dos gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculada conforme ás normas do sistema europeo de contas

Como se pode observar, as previsións son de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria en 2022.

2.3 Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e a posterior liquidación como ao resto dos ingresos nas súas principais rúbricas

As principais hipóteses que sustentan as previsións do 2023 son:

- Os incrementos dos ingresos correntes estimáronse entre un 2 e un 5 por cento, salvo os ingresos patrimoniais, que quedan no mesmo importe.
- Os ingresos por transferencias de capital reducíronse nun 25 por cento, xa que no ano 2022 concentrouse un importe elevado por subvencións afectadas a investimentos, pendentes de executar tanto no lado dos gastos como no lado dos ingresos.
- Non se considerou ningunha previsión por endebedamento.

Ingresos	Ano 2022 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2023/22	Ano 2023 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
Ingresos correntes	8.214.095,00	3,18%	8.475.331,24	
Derivados da evolución tendencias (non afectados por modificacións de políticas)	8.153.191,00	3,95%	8.475.331,24	
Derivados de modificación de políticas	60.904,00		0,00	
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias				
Medida 2: Potenciar a inspección tributaria para				

Ingresos	Ano 2022 (estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% taxa variación 2023/22	Ano 2023 (estimación das previsións iniciais)	Supostos nos que se basean as proxección/adopción da medida
